Libros de memorias para posobrigatoria

Nos últimos anos, Neira Vilas completou 2 volumes coas súas memorias: *Vinte anos retornando* (2006) e *Penúltimo dietario* (2011). A súa última entrega literaria foi unha homenaxe á súa muller, Anisia Miranda (falecida en 2009) coa lembranza das viaxes realizadas polos dous: *Con Anisia Miranda na Costa da Morte* (2014).





BIOBIBLIOGRAFÍA NEIRA VILAS

Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928-2015), era membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana e Fillo Predilecto do Concello de Vila de Cruces. Entre outros galardóns recibiu a Medalla Castelao, o Pedrón de Honra e o Premio Trasalba. Premio da Crítica Española (novela en galego) e da Crítica Galega (ensaio). É un clásico da literatura galega, autor de *Memorias dun neno labrego* (1961), a novela máis traducida e máis vendida da literatura galega. Residiu 43 anos en América, primeiro en Buenos Aires, de 1949 a 1961 (onde fundou coa súa muller Anisia Miranda, Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego); e de 1961 a 1992 na Habana, cidade na que crea e dirixe, durante 22 anos, a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística. Ao regresar definitivamente a Galicia en 1992, reside na súa casa natal de Gres, á beira da fundación que leva o seu nome. A súa extensa obra abrangue a **prosa narrativa**: *Xente no rodicio* (1965), *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1969)...; **narrativa infantil**: *Cartas a Lelo* (1971), *Espantallo amigo* (1971), *O cabaliño de buxo* (1971)...; **poesía:** *Dende lonxe* (1960), *Inquedo latexar* (1969)...; **compilación de artigos**: *O sarillo do tempo* (2004), *Xentes e camiños* (2005), **testemuños**: *Eduardo Blanco-Amor dende Buenos Aires*, *Guerrilleiros*....

No Nadal agasalla aos que queres con libro galego

Hai poucos días falecu un dos máis grandes escritores que ten dado a literatura galega, grande como escritor e grande como ser humano. Xosé Neira Vilas (1928-2015) xa forma parte da Historia da nosa literatura por ser o escritor realista por excelencia, quen coas súas *Memorias dun neno labrego* creou lectores que o seguiron durante décadas. Neste Nadal podemos aproveitar para relelo ou achegarnos por primeira vez á súa obra. O que non falta son propostas!

Equipo de Normalización Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros clásicos para o 1º ciclo da ESO



Un clásico galego. A historia de Balbino, contada por el mesmo, é o libro máis reeditado e vendido da historia da nosa literatura desde a súa publicación en Buenos Aires en 1961.

Un personaxe secundario de *Memorias*, Lelo, recibe correspondencia de Toño, outro rapaz da mesma aldea ca Balbino (Ediciós do Castro, 1971)



A Marela Tarabela é una vaca con pensamentos e sentimentos e unha relación especial con Xurxo, o fillo dos seus amos. (1976)

Esta é a historia dun espantallo que, en vez de espantar os melros, faise amigo dos animais que se pousan nel. (1971)

Libros máis recentes para o 2º ciclo da ESO

15 contos nos que o autor reflexiona sobre o previsible destino das ciudades actuáis e das xentes que nelas habitan (Xerais, 1999).

20 relatos protaonizados por tantos outros mariñeiros e emigrantes galegos que se asentaron na Habana entre os anos 30 e 50 do século XX (Xerais, 2003).



Na década de 1950 un mozo galego de 19 anos espera o barco que o ha levar á emigración en Buenos Aires. (Galaxia, 2012)

O seu último poemario (Espiral Maior, 2004) é un libro-CD con 14 poemas musicados dedicados á vila natal do autor.